

VI
*Certame
Literario*

CONCELLO DE PARADELA



*Manuel-Orestes
Rodríguez-López*

VI
*Certame
Literario*
CONCELLO DE PARADELA



*Manuel-Orestes
Rodríguez-López*

“Manuel Rodríguez López enseñoume

Celebrado xa o sexto Certame de Narrativa e Poesía “MANUEL-ORESTES RODRIGUEZ LOPEZ” e ó sair á rúa a publicación das obras premiadas, permitídemme que brevemente faga unha reseña do noso Mestre e Fillo Predilecto de Paradela.

Foi Manuel Rodríguez López un home sinxelo, traballador infatigable, cun espírito forte e valente. Pero tamén foi comprometido, comprometido coas súas raíces, coas súas xentes, coa súa patria Galega, coa súa terra de Paradela.

Se lle damos unha ollada á súa nenez, comprobaredes o que vos estou a dicir: pensade nun neno que, con seis anos, traspasa a fronteira da súa Aldea, do seu lar, para asentarse lonxe dos seus parentes, amigos/as, veciños/as..., aínda que se reencontra coa súa nai que un ano antes emigrara a Cataluña. O máis normal sería que se esquecese das súas raíces, da súa orixe; pero non só non foi así, senón que foi todo o contrario. Manolo, desde a infancia, agárrase como se fose unha hedra, ubícase no eido do Amor á súa patria, ás súas xentes, e como vehículo dese amor aséntase na comunicación escrita (poesía, narrativa, prensa...), sen esquecer que tamén foi un gran conversador. A súa conversa era esclarecedora, ilustrativa, orientada e chea de profundidade.

Era unha ledicia escoitar dos seus beizos os nomes de lugares de Paradela: Millarados, Rosende, Loio, Sesmonde, e por suposto Randulfe, tiñan un sonido reverencial, confirmando así o seu amor a Paradela, como deixou escrito “Patria dos meus antergos, Paradela”. Eu téñovos que contar que Manolo me enseñou a coñecer Paradela, e a querela.

a coñecer e a querer a Paradela

Tiña Manuel Rodríguez López a ilusión de traballar en exclusiva pola cultura galega, ilusión cumprida como acredita a celebración deste Certame Literario anual. Pero con este Certame cumprimos tamén outro desexo do noso MESTRE. Deixou escrito a través dun traballo que tituló “Quen me dera atoparme co trasgo” o seguinte: “Debemos aprender das nosas xentes, estudar os seus costumes, recoller os seus ditos ateados de sabencia, escolmar as verbas sulagadas nos anacos máis extremos das nosas bisbarras e devolver ó pobo as súas propias creacións pulimentadas e adornadas pola man do artista para que poida ollarse nelas e sentirse orgulloso de ter unha idiosincrasia propia”.

Ó cumprimento desta ilusión contribúe tamén en gran medida o traballo dos poetas e narradores que ano tras ano concurren ó Certame Literario de Paradela. Por iso, a nosa felicitación máis sincera ós gañadores nesta edición, D. Manuel Terrín Benavides e D. Baldomero Iglesias Dobarrio no apartado de Poesía, e D. Franciso Calo Lourido e D. Pedro Uris Escolano no apartado de Narrativa, á vez que nos alegra que, baixo a ilusión cumprida do Poeta de Paradela, salgan á luz estas obras que se espallarán polo universo da literatura a través da comunicación escrita, engrandecendo dun xeito especial este noso certame. Agradecemento que quixera facer extensivo a tódolos participantes nesta edición pola súa concurrencia -máis dun cento de obras-, e pola calidade dos seus traballos -o que é fácil de comprobar tendo en conta os currículos dos premiados nesta edición-.

Entrega de premios do Certame

Nunca imaxinei poder estar tomando parte nun acto coma este. Nunca a miña imaxinación puido pensar en tempos que ía participar en Paradela nunha entrega de premios do certame Manuel Rodríguez López.

Manuel Rodríguez López -Manolo- era un home como calquera de nós; un amigo que Mato me presentou hai máis de trinta anos. Que tiña o vicio de escribir, que amaba sen límites esta terra de Paradela e por extensión a todo Galicia... Que residía en Barcelona co corpo pero vivía en Galicia co sentimento; co corazón.

Nunca imaxinei un acto coma este porque ó ser tan parellos os tempos, non me era posible imaxinar a súa desaparición tan cedo. A morte sempre chama moi cedo ós mellores.

Pero -a parte da propia cronoloxía- un coñece o País no que vive. E sabe que lle costa -que nos costa- facer as honras a tempo; reaccionar rapidamente diante das necesidades culturais e sociais.

Pero do mesmo xeito que Manolo era un home especial -diferente-, a súa terra de Paradela é diferente, e o Goberno municipal de Paradela especialmente diferente.

Á morte de Manolo puidemos comprobar que somos moitísimos os que o queriamos; que a súa familia era a que Manolo merecía, e garda del axeitada memoria, conservando viva a súa presenza; que os seus amigos seguimos considerando que Manolo está vivo... e o que parece un imposible: que Manolo era e é profeta na súa terra.

Unha década despois do seu pasamento, Manolo é fillo predilecto do Concello de Paradela; repousa no panteón de paradelenses ilustres; a fermosísima Casa de Cultura de Paradela na que nos atopamos cháma-

“M. Rodríguez López” 5/12/2001

se Manuel Rodríguez López; e un Certame literario anual -que vai pola VI edición- leva o seu nome... Por fin, e nunca tal cousa vin pero é perfecto, o Alcalde de Paradela publica un Bando invitando ós veciños a asistir á entrega dos premios Manuel Rodríguez López, e todos estades aquí.

Manolo sería feliz vendo esto cos ollos do corpo. Manolo é feliz vendo esto cos ollos do espírito... Eses ollos que non precisan cristais correctores porque cando pertencen a xente limpa de corazón, teñen garantizada unha perfecta visión para toda a eternidade.

Tamén estamos felices tódolos que fomos -que somos- os seus amigos, e naturalmente a súa familia, porque actos coma este son a mellor demostración de que a vida de Manolo tivo un significado, valeu para algo... de que estes pousos son o resultado do seu paso pola vida escoitando, falando coa xente, divulgando, comentando, escribindo, traballando sempre con boa fe, con boa intención, con ganas de facelo ben.

En actos así eu sempre acabo falando con Manolo, vivo por estar vivo na nosa memoria: ¡Por moitos anos, amigo!. Que nos vexamos -ti e máis nós- por moitos anos en actos coma este. Porque este é un acto na túa honra... pero ó facer este acto honramos tamén a Paradela, acreditándose como Nai terra que sabe tratar como merecen ós seus fillos destacados que demostraron querela tan ben.

De hoxe nun ano, Manolo, benquerido amigo, tamén aquí, na túa casa, coa túa xente, na túa terra, “Patria dos teus antergos / Paradela”.

Bases

PRIMEIRA: Establécese un Premio de 100.000 pesetas para a obra que resulte seleccionada polo Xurado dentro do apartado de POESÍA e outro de 100.000 pesetas para a obra que resulte seleccionada polo Xurado dentro do apartado de NARRATIVA.

SEGUNDA: Os relatos terán unha extensión máxima de vinte folios, sen mínimo; a obra de poesía terá unha extensión máxima de 100 versos. En ámbolos dous casos, escritos a máquina e a dobre espacio. Deberán ser orixinais, inéditos, non premiados en calquera outro tipo de concurso e estar escritos en galego ou en castelán.

TERCEIRA: O prazo de entrega dos relatos e da obra poética rematará o trinta de novembro de 2000. Presentaranse no Rexistro de Entrada do Concello de Paradela, por quintuplicado exemplar, sen sinatura e cun lema. Adxuntarase un sobre no que figure o devandito lema e dentro del unha cuartilla co nome, dous apelidos e teléfono do autor, cunha declaración de que o relato ou a obra poética é axeitada ás normas contidas na Base segunda. Abriranse soamente os sobres dos traballos premiados. No caso de participación en ámbolos dous apartados, deberase concursar en cada caso e presentando a obra por separado.

CUARTA: O Xurado designado polo Excmo. Concello de Paradela emitirá o seu fallo no mes de decembro de 2000 e farase público polos medios de comunicación. O Xurado pode deixar deserto o premio nun ou nos dous apartados e a súa decisión será inapelable.

QUINTA: As obras premiadas pasarán a ser propiedade do Excmo. Concello de Paradela, que se reserva o dereito a publicalas.

SEXTA: O autor ou autores premiados convocaranse ó acto de entrega dos premios, que terá lugar en Paradela, na data fixada polo Excmo. Concello de Paradela.

SETIMA: A resolución de tódalas cuestións que poidan xurdir ou plantexarse nesta convocatoria, é da exclusiva competencia do Excmo. Concello de Paradela e do Xurado.

Fallo do xurado

Acta de constitución do Xurado

Reunidos no Salón de Sesións do Excmo. Concello de Paradela, sendo as doce horas do día dez de marzo de dous mil un. O Xurado designado polos Señores:

- D. Xosé Manuel Mato Díaz (Alcalde-Presidente do Excmo. Concello de Paradela) como Presidente;
 - D. Antonio Calvo Varela (Ilmo. Sr. Delegado Provincial da Consellería de Cultura da Xunta de Galicia en Lugo),
 - D. Xesús Mato Mato (crego, escritor e musicólogo),
 - D. Xulio Xiz Ramil (Funcionario da Delegación Provincial de Cultura en Lugo, escritor e periodista),
 - D. Darío Xohán Cabana (poeta e escritor),
 - D. Xabier Rodríguez Barrio (poeta e escritor) e
 - D. Santiago Rodríguez López (fillo do homenaxeado), como vocais.
- E D^a María Cristina Abades Martínez, Secretaria do Excmo. Concello de Paradela, que da fe do acto.

Constituído o xurado en forma, procédese a calificar as obras presentadas e atopadas conformes ás bases no seu día aprobadas.

O Xurado por unanimidade, acorda:

Primeiro: Outorgar o Premio de POESÍA á obra presentada baixo o lema Salicaria mayor amarilla, titulada “REGRESAR A GALICIA CON LOS BRAZOS ABIERTOS”. Aberto o sobre, compróbase que o lema pertence a **D. Manuel Terrín Benavides**, con domicilio en Albacete.

Asimesmo, o Xurado acorda outorgar un Accésit no apartado de POESÍA á obra presentada baixo o lema O Reloxo dos outonos, titulada “O RELOXO DOS OUTONOS”. Aberto o sobre, compróbase que o lema pertence a **D. Baldomero Iglesias Dobarro**, con domicilio en Xanceda-A Coruña.

Segundo: Outorgar o Premio de NARRATIVA á obra presentada baixo o lema Relaixo, titulada “NO SOTO”. Aberto o sobre, compróbase que o lema pertence a **D. Franciso Calo Lourido**, con domicilio en Pontevedra.

Asimesmo, o Xurado acorda outorgar un Accésit no apartado de NARRATIVA á obra presentada baixo o lema Los que no existen, titulada “LOS QUE NO EXISTEN”. Aberto o sobre, compróbase que o lema pertence a **D. Pedro Uris Escolano**, con domicilio en L’eliana (Valencia).

E para constancia do tratado, levántase a presente acta por setuplicado exemplar, por tódolos membros, en Paradela na data arriba indicada, sendo as trece horas e quince minutos, do que eu como Secretaria dou fe.

VI
Certame
Literario
CONCELLO DE PARADELA



Manuel-Orestes
Rodríguez-López

premio



MANUEL TERRÍN BENAVIDES nace en Montoro (Córdoba), de familia campesina asalariada, exerce de neno labores de campo, cun paréntesis de escolaridade, emplease de barqueiro cando mozo e estudia logo electrónica aeronáutica, subespecializándose en Equipos de Radar e Microondas, con cursos en Estados Unidos, profesión que exerce na actualidade.

Con 1152 premios literarios, foi catalogado polos medios de comunicación do país como o poeta e escritor máis galardonado en lingua española, o que lle trouxo moitos sabores.

É Académico da Real Vélez de Guevara de Écija e da Real e Pontificia de Lérica.

Leva publicados quince títulos –doce de poesía, tres de narrativa–, todos eles galardonados nacionalmente: Premios Ciudad de Cuenca, Dama de Elche, Ciudad de Guadalajara, Ciudad de Toledo, Ciudad de Algeciras...

Casado, con dous fillos, vive en Albacete.

Montoro rotoulou unha rúa co seu nome -RONDA DEL POETA MANUEL TERRÍN BENAVIDES- e tamén lévao una activa entidade cultural do Municipio: Agrupación Literaria Manuel Terrín.

poesía

Regresar a Galicia con los brazos abiertos

Alargo el alma para hacerla puente
sobre crenchas históricas de espuma;
alargo el alma en magnitud de suma,
siempre de contenido a continente.

Borro después la línea divisoria
del tiempo y me sorprende el transitivo
reflejo de estos pueblos y ese altivo
monte crucificado por la historia.

Derrotada a la espalda la mentira
nace un lecho de verdes acuarelas.
Galicia: sacras piedras paralelas
bajo las cuales nuestro honor respira.

Muros viejos, altivos centinelas.
Razas conquistadoras. Pan mordido
que deja entre la sangre un alarido
y en la boca de Dios dolor de muelas.

Hoy llego hasta tus puertas, desafío
de pétalos hermosos, grato aroma,
y bruscamente avaro se desploma
el corazón del viento sobre el mío.

Catedral de Santiago: uniformada
piedra donde la aurora se refleja.
Aquí derramaré mi sangre vieja
para hallarla después resucitada.

¡Oh romance de amor que purifica!
Al alba, cuando Dios abre la puerta
de esta luz infinita, magna oferta,
la eternidad revienta y me salpica.

Cómo brilla la calma, cómo suena
río Miño de círculos festivos
donde bañan sus pies aumentativos
pardas colinas a la luna llena.

Miro el rostro de Dios en cordillera
donde el cuervo levanta negras quejas,
donde rocas y pinos son guedejas
rebeldes de una inmensa cabellera.

Lo encuentro entre la escarcha suntuosa
de los corderos, nanas del paisaje,
liturgia pastoral con homenaje
de espuma que en rebaños se desposa.

Lo encuentro en el alado sentimiento
de los pájaros - sueltos corazones -
que persignan azules pabellones
con alas timoneras frente al viento.

Lo encuentro en el maizal que desafía
marítimos naufragios mientras arde
bajo sol que en los brazos de la tarde
repite disciplina de agonía.

Lo encuentro en la esmaltada procesión
do los peces, puñal de escalofrío,
que agitan en la sístole del río
la sangre de un fecundo corazón.

Lo encuentro en los cipreses donde pido,
delante de la tumba de una madre,
ser ceniza gallega cuando ladre
sobre mi honor el perro del olvido.

Hoy Galicia soy yo. Yo, sumergido
dentro de su silencio paralelo,
sé que en sus calles se desdobra el cielo
y el corazón de Dios late invertido.

Vivir esta ocasión, darle a la vida
otro significado diferente.
Regresar a Galicia, alzado puente,
siempre doblando el punto de partida.

Tierra de aroma vigoroso, espesa
luminaria de sangre redimida
por caminos cansados donde pesa
el orden sustantivo de la vida.

Campesinos honestos, espadañas
sobre mar de semblanzas amarillas.
Llevan de frente el sol y en las entrañas
almanaques de lluvias y semillas.

Galicia: panorama que rezuma
la belleza suprema, muchas veces,
de aquel que va sumando pequeñeces
para alzar el conjunto de la suma.

Poner los pies aquí coa reverencia.
Recorrer los caminos del pasado
con paso firme, pero no firmado,
que en esto puede estar la diferencia.

Aquí, sobre el desierto de la pena
donde crece mi gloria y mi mentira,
artesa soy de amor porque respira
mi boca todo aquello que almacena.

Y aquí, junto a la calma silenciosa
de los recuerdos, soledad sombría,
por el don del encuentro de este día
se me abre el corazón como una rosa.

VI Certame Literario

CONCELLO DE PARADELA



Manuel-Orestes
Rodríguez-López

accesit



BALDOMERO IGLESIAS nace en Vilalba (Lugo), o 27 de xuño de 1951.

Traballa como profesor no medio rural. Dedicase á música propia de Galicia e a súa recollida nos entornos da súa provincia. É integrante do grupo "A Quenlla". Foi integrante de "Fuxan os Ventos".

Realiza traballos de recompilación de información relativa á cultura tradicional e en compañía de Mini, escribiu algúns libros como, por exemplo: "Contos de vellos para nenos" (de contos), "Somos lenda viva" (de lendas), "Nadal en galego" (de música sobre o Nadal) e "Coplas, cantos e romances e cego" (de romances de cego), dos que xa se elaboraron varios tomos. Escribe poemas e é cantautor.

poesía

O Reloxo dos Outonos

... E outro outono máis
sinala
os meus segredos momentos
os meus segundos, minutos,
horas de paz, sen sosego,
xeiras e noites de ensoños,
...días de sede,
sedentos.

Que o reloxo dos outonos
esclarece aconteceres:
días de noites eternas,
días de eternos menceses,
días de bágoas espesas,
días de espesos praceres
marelos, ocres, vermellos
que noutrora foron verdes.

E outro outono máis
anuncia,
en tantos matices finos,
os preludios luminosos
escuridades e brillos,
entre os pétalos xa secos
nunha gama de abanicos
que tornan pálidos pardos
tostados con sol e bicos.

Praceres son arrecendos
que se foron esvaíndo,
...outros viran diferentes,
con diferentes ulidos
da man da herba mollada
da man de árbores espidos.
Pastel da cor do verán
en nova paisaxe e frío
que palidece no aire
o alento que eu expiro.

E outro outono máis
marca
como reloxo tenaz,
teimoso e obstinado,
na seitura infalible,
a secuencia dos sinais
e as lapas lurpias do sol
que arde feroz desde o alto.

Marca un ciclo
con pesar;
amodiño e sen acougo,
como quen vai de vagar
abraiado e abstraído
tras da agonía estival
que nubra o cristal dos vidros
con cortinas de auga e fume
¡o outono chegou xa!

Nas frouxas fiestras da vida
triste vén para abafar
-outono das mazáns brancas
que me lembran o verán.
É viste de gris os días
lacaceiro e temperán
botándome a noite enriba
enorme noite de mar
na que me cae o universo
enriba do meu pensar.

E outro outono máis
me atrae,
lonxe da húmida e fresca
lentura, que en brava terra,
nun frenético tic tac
por ninguén chama e espera
¡quen o poidera evitar!.
Sairá triunfante o outono
coa luz
do sombrizo densa,
antes, moito antes, se cadra
que o ceo
de chumbo que pesa
co seu preludio invernál.

E outro outono máis
me chama
con cada alustro.
Perdo un teito de faíscas
charamuscas, vagalumes,
-que encheron o firmamento-
por estrondos de relampos,
por treboadas e medos.

Presinto esa eclosión
tanto por fóra e por dentro
cando me borra as estrelas
e entolda os tan grandes ceos
coas pingueiras dun crisol
que nas grandes noites mestas
se espetan no corazón
mentres o peito me rompe
cun lóstrego en vertical
que estala alá no horizonte.

E outro outono máis
que se vén aderezando
mentres as follas se perden
en mil gracias de amarelos.
Luces grises, brancos ceos.

Luces grises,
ceos brancos,
devalo dos verdes prados
na brisa que mece as follas
entre os pálidos pradairos
advertidos de repente
pois tamén tornaron pardos.
Coma os máis rexos carballos
dos albares e cerqueiros
que coa fronde avermellados,
vellas melodías tecen
entre os mediodías calmos
das pedras cos seus couselos.

Nos solpores afiados
paseniños e algo inquedos
amosan os seus encantos.

É outro outono máis
que canta,
agora fascinando co engado,
soletreando unha loa
dos tempos e dos espacios
coas tan añoradas tardes
nos solpores apousados.

Cun raio a noite sube
cando se conxela a imaxe
no ceo enteiro de nubes
asomando ás corredoiras
e as congostas de lume
e nos fogares das casas
dan perfil de amor e fume.
Vén no aire a luz do outono,
coas féminas abidueiras
delicadas, suxerentes,
coas súas cores que, a mancheas,
evocan lembranzas sempre
colmadas de plenitudes
dos sorprendidos nacentes.

É neste tempo que caen
das árbores as súas follas,
tamén se me caen a min
os días e mailas horas.

Van caducando as ideas
chámanme a parte, ó seu lado,
ñantes de nacer, ... son vellas!
Mais non decaen al lembranzas
arteiras co seu engado,
de ilusións e fantasías
asegundadas con coros

de escuras melancolías.
Nos soutos caen al castañas
dos dourados castiñeiros
nas segredas outonías
que lle dan un ritmo ó tempo
e añoran cando a candea
máxica cor lles vestía.

É neste tempo que caen
das árbores as súas follas,
tamén se nos caen a nós,
os días e mailas horas.
É o reloxo dos outonos
que esclarece aconteceres
días de noites eternas,
días de eternos mencers,
... Vén con présa e nos sinala
os máis segredos momentos,
horas de paz, sen sosego,
xeiras e noites de ensoños
...días de sede, sedentos.
Tempo exacto da existencia,
tempo sereo que corre,
filósofo, sabio e poeta
entre pausas e sabores.
Tras da noite ven o día, ...sabo-
res e sabores.
É tempo de recollerse e estimar
mellor a vida.

VI Certame Literario

CONCELLO DE PARADELA



Manuel-Orestes
Rodríguez-López

premio



FRANCISCO CALO LOURIDO (Porto do Son, 1948), Licenciado en Filosofía e Letras e Doutor en Xeografía e Historia pola Universidade de Santiago. Catedrático de Xeografía e Historia en varios Institutos de B.U.P. e actualmente Director do "C. Torrente Ballester" de Pontevedra. Impartiu clases nas universidades de Santiago e do Porto e foi bolseiro do Consello Superior de Investigacións Científicas.

Premio colectivo "Otero Pedrayo" (1979). Premio de investigación "Antón Losada Dieguez" (1995). 1º Premio no III Certame de Relato Curto "Roberto Blanco Torres" (2000) e Premio de narrativa no VI Certame Literario "Manuel-Oreste Rodríguez López" (2000).

Membro das seccións de Arqueoloxía e Prehistoria e de Etnografía e Folklore do I.E.G.P.S. do C.S.I.C., patrón do Museo do Pobo Galego do que foi secretario da súa Xunta Rectora, membro da Ponencia de Antropoloxía do Consello da Cultura Galega e das comisións técnicas de arqueoloxía e de etnografía da Dirección Xeral do Patrimonio Histórico e Documental da Xunta de Galicia. Membro da Sociedade Portuguesa de Antropología e Etnología e da Sociedade Martíns Sarmento de Guimaraes.

Desenrola a súa actividade investigadora nos eidos da Antropoloxía e da Arqueoloxía, traballando en numerosos xacementos arqueolóxicos asturianos, portugueses e galegos e dirixindo os traballos do castro de Baroña. Entre as súas publicacións (máis de 70 títulos) pódense salientar: *La cultura de un pueblo mariner: Porto do Son* (1978), *As artes de pesca* (1980), "The Seafaring Fishing Family as an Economic Community in Porto do Son (Spain)" Budapest (1984), "Nacemento das comunidades mariñeiras" Guimaraes (1993), *Xentes do mar* (1996), Edición facsimilar e estudio de CORNIDE: *Memoria sobre la pesca de sardina en las costas de Galicia* (1997), *Castro de Baroña Campañas 1980-84* (1986), *A Cultura Castrexa* (1993), *A Plástica da Cultura Castrexa Galega-Portuguesa* (1994), "La Galice est-elle celtique?" (La Bretagne) (1996), "Prehistoria e Idade Antiga" In W.AA.: *Historia de Galicia* (1997), "A síntese: o Galaico-Romano" In W.AA.: *Galicia fai dous mil anos. O feito diferencial galego* (1997), *Castro de Baroña* (1997), *Fainas do Mar. Vida e Traballo no Litoral Norte* (1999)...

narrativa

No Soto

- ¡Sí, home, aínda che era o que había que ver!, ¿e logo ti coidas que, polo que pasou a noite de san Xoán, xa tes dereitos?, ¿seica che vou ter que pedir permiso para ver con quen saio ou con quen deixo de saír? ¡Éracha boa!

- Non é eso, pero é que eu pensei...

- Ti, pensaches, ti pensaches... Xa, os homes pensades moito de máis, pero a cousa non che é así. Eu saio con quen me peta, ¿sabes?, e ti non es ninguén para te meteres. E, se o domingo saín con Marcelino, foi porque quixen, e mañá volto a facelo con el ou con quen me dea a gana.

- ¿E logo a noite de San Xoán por que me bicaches? ¿E por que me dixeches na corredoira, cando te levei á casa despois das fogueiras, que eu che gustaba e que...?

- ¡E que nada! Imos ver, Antonio, poñámo-las cousas no seu sitio dunha vez por todas. Entre ti e máis eu non hai nada, ¿oíches?. Si, xa sei, é verdade que non me caes mal, o mesmo ca outros, pero en min aínda non manda ninguén e paréceme que van tardar en mandar, e, se non che importa, deixa ir a cousa como vai que eu tamén vou indo para a casa, que esta caldeira xa se baleirou non sei cantas veces e teño moi ben máis que facer que andar a enredar e de palique contigo.

- Agarda un pouco, muller, ¿non poderíamos seguir falando o domingo pola tarde?

- Antes da tarde aínda haberá que ir á misa das once da mañá. E de aquí ó domingo poden pasar moitas cousas. Mira, vai dar unha volta que falta che fai, e moitas gracias por me axudares a leva-la caldeira á cabeza...

- Agarda que...

- Non, agora deixa que xa está. Adeus, Antonio, que non che colla o frío e que pesquedes ben mañá. Xa sei que non se vos está dando mal o badeixo; vai pola fresca...

Xa foran as verbas, xa o sorriso ou, quizá, a ollada que Loliña lle botou mentres se viraba, o caso é que Antonio sentiu o peito cada vez máis acelerado e marchou de alí cara ó Baluarte como se fora a saltiños, talmente como se o corpo lle aboiara. Era de máis o que lle gustaba esa moza e moito lle tardou en chegar o domingo; pero antes das once xa estaba no adro da igrexa.

- ¡Vaites, Antonio!, ¿sei que vai haber morte de home?, ¿e ti que milagre por aquí? Hai días en que tamén baixan os corvos á praia.

Certamente, na praia de Subigrexas había unha bandada de grallos peteirando polo medio das gaivotas, pero Antonio tiña máis que facer que mirar para os paxaros ou escoltar o que lle dicía Tomasiño de Calqueirón. Pola rampla da igrexa, arrombando o velo na cabeza, entraba no adro Loliña con súa nai e a señora María da Rosilla. A mirada que lle botou de esguello, así como o aceno de sorriso que lle pareceu ver na súa cara fixeron que Antonio deixara outra volta de senti-lo peso do corpo.

- ¡Cacho desacougo, rediola! -sentiu, máis que pensou, Antonio. Non sabía o que era, pois nunca tal cousa lle pasara; pero, fora o que fora, era visto que nunca tan ben se sentira.

- ¿Que?, ¿seica anda o peixe aboiado? Pero aínda hai que metelo no cesto, rapaz. Non tes mal ollo. A Loliña é comer e non cuspir, pero date de conta que ten máis dun can a tusirlle, que disque tamén lle anda á usma Marcelino das Laxas; e ese non é mal mozo e máis é ben botado para adiante. Como non bulas lixeiro, crúzache a proa e larga o aparello antes ca ti.

Antonio nin escoitaba nin se enteraba da misa media, e eso que entrou na igrexa pola porta da dereita e se arrombou acoderado no altar da Virxe das Dolores.

Cando o cura dixo “Ite, misa est” e a xente empezou a coller cara á porta, volveu sobresaltado á realidade e enfilou para fóra con evidente falta de práctica. Á igrexa ía máis ben pouco e entarabelouse ó querer coordinar a xenuflexión co Nome do Pai e coa cabeza que andaba por outros mares. Agora non sabía moi ben o que debía de facer. Tería que falar con ela, pero ¿como, estando a nai diante? Os homes xa ían saíndo pola porta do adro, as mulleres mirábano ó pasar e rexoubaban sen pudor, e a el, para disimular, o único que se lle ocorreu foi pararse a facer que lía unha sepultura que maldito o que lle importaba.

- ¡Ola, Antonio! ¿por onde che deu agora por vires á misa? Revirouse e alí estaba ela. Aínda non quitara o velo da cabeza e talmente semellaba unha Virxe das estampías coa súa carina de bola, rosadía, e aqueles ollos negros, fondos, que o desacougaban, a el, a el que no mar tiña fama de destemido e en terra, cando tiña que ser, nunca daba para atrás.

- ¿Agardas por min na fonte hoxe as sete?

Non soubo si chegou a respostar ou non. Tan só veu o sorriso cheo e o brillo nos ollos de Loliña, antes de que collera cara a súa nai, que, ó pe do cruceiro, disimulara falar coa señora María, mentres botaba miradas de esguello á parella.

Nunca se decatara do bonita que era a fonte, e máis aínda a esa hora na que o sol, que xa caminaba cara á capela da Atalaia, facía brillos na auga. Fixouse na data de 1933 e estrañouse de que xa tivera pasado tanto tempo desde que a fixeron. -Xa van ala tres anos, dixo para si, como se lle interesara algo a fonte e máis o tempo que tiña. E, por fin, apareceu Loliña e desapareceu a fonte, e a data, e o sol e o arco da vella que facía a auga... E saudouno, e el, desta vez, seguramente respousto, e pasearon a modiño Recoletos arriba e Recoletos abaixo, primeiro á sombra dos olmos e logo ó relente do fusco, cruzándose, repetidamente, con outras parellas que, alleas a eles, tamén andaban ó seu. E falaron de cousas que non viñan a conto, e de amores, e do mar, e do bonito que sería se o tempo rematara naquel intre, e de se quedaban para o baile de Santa Isabel, alá para o dous de xullo, que, por certo, xa estaba ás portas.

E quedaron. E despois para o xoves, e para o sábado, e para o domingo..., pero xa non na rúa, senón no cuarto da máquina, mentres Loliña bordaba con máis ansia o enxoval empezado por rutina moitos anos atrás. Agora era cando había unha razón para dalo feito, e a noticia confusa do 18 non os sobresaltou o máis mínimo. Liortas de obreiros, de militares, ou de facciosos non eran raras nos últimos anos e o Son quedaba moi lonxe de todo. Eso non ía con eles. Pero os días seguintes ían traendo

cada vez máis desacougo. Os carabineiros da vila fuxiron nun bou de Muros, dando a volta a Montelouro rumbo a aguión. Falábase de que ían chamar as quintas para que subiran de novo a Ferrol e algúns veciños facíanse ver polas rúas con camisa azul, correaxes e pistola ó cinto. Diciáse que non se podía oír-la radio e que estaban prohibidos os sindicatos. Unha mañá chegaron as leiteiras de Nebra contando arramalladas que na volta do Valo, ó pé do muro do cementerio novo, había tres homes mortos cheos de sangue e descalzos.

-Eu non sei a onde irá a parar todo esto - dixo Antonio -, pero o que está a pasar mete as pintas. ¿Oíches que onte levaron a uns cantos para non sei onde?.

-Non hai outra cousa de que falar. Disque colleron a catro e que os meteron presos na Coruña ou en Santiago. Un deles, o señor Maneiro, era dos que andaba moito no sindicato.

-¿E eso que ten que ver para que leven preso a un home?. A min non me interesa nada o sindicato, ó mellor porque ando no barco de meu pai e os do sindicato traballan ó xornal para os almacéns dos cataláns e dos patrianos; pero fan moi ben en protestar e esixir melloras, que abusan deles o que queren. Aínda bo é que, por baixa man, venden no mar os galeóns, que, se non, non facían nin para asar.

- Cada quen ten que zafarse como poida; pero, volvendo ó de antes, a min o que está a pasar xa me está empezando a meter medo.

- Ti tranquila, Loliña, que nos non temos nada que ver en todo este batifondo. Xa verás como logo veñen as augas ó regó.

- Eu non sei que che diga, pero desde hai uns días sinto coma unha opresión na tapa do peito que non che me gusta nada. Non sei o motivo, pero paréceme que esto non vai rematar ben.

- Deixa de darlle voltas a eso e atende ó que estás a facer, que aínda te me has mancar un dedo coa agulla da máquina.

- A primeira vez non sería; mira para aquí esta marca.

-¿A ver? E máis si...

- Está quieto, que pode entrar mamá no cuarto.

- Está ben muller, pero ben me podías dar un biquiño un pouco xeitoso, que de aquí a unhas horas saímos para a Costa e, se hai peixe, ata dentro de oito días, eso polo pouco, non te volvo a ver.

Non se deu mal a ceífa. Mataron badeixos de ata dez e doce quilos ala polo Pozo da Nave, fixeron víveres en Muxía, onde fondearon unha noite, e, ós dez días, puxeron proa ó Son. O barco tiña motor novo do trinque, pero a Antonio parecíalle que non andaba. Non lle daba chegado o ver de novo a súa Loliña e non lle faltou nada para caer ó mar ó saltar en terra.

- Este barco nin estropada ten, -dixo, despois da enguiñada que pegou-.

- Non, a estropada lévala ti -respostoulle seu pai, mentres quitaba a cana do temón-. Parece que non che marca a corredera. Acouga un pouco, que aínda hai que amarrar e bota-lo peixe en térra. Si, dalle un cote aí mesmo e sáelle ó camiño a túa nai, que alá ben cargada coas caixas. ¡Xosé, da un cabo a popa por largo!

A cara que súa nai levaba e o que lle espetou, nada máis se encararen no medio do peirao, deixouno coma se llas deran.

- ¿Pero por que? ¿Que fixen eu?

Nin para atrás mirou e enfilou cara á casa de Loliña. Agora precisábaa máis ca nunca.

- ¿Que tal vos foi, Antonio?

- Ben. ¿Pero sabes o que me dixo miña nai?

- Supoño. Xa falou comigo o outro día.

- ¿E logo por que me irían buscar a min? E disque eran uns tipos de fóra do Son, e dixeron que, cando viñera do mar, que me presentara no cuartel.

- Eu non sei; pero os que levaron o señor Maneiro e os outros tampouco eran de aquí; seica eran da banda da Arousa. ¿E que vas facer agora?, ¿vas ir ó cuartel?

- ¿Pensas que estou tolo? De ningunha maneira. O que ten que, así como foron unha noite por min, son quen de volver, e eu non me atrevo a ir durmir á casa. ¿E a onde podería ir?. Non sei se dicirle a meu pai que me leve ata Muros, que alí ten el uns bos amigos de toda a vida; pero supoño que tanto ten estar nun sitio coma noutro. En Muros estará a pasar o mesmo, digo eu. Tamén en Muxía andaba a xente medio rara.

- Mira unha cousa. ¿Por qué non te agachas no noso soto ata que pasen uns días e se clarexe esto?

- ¿E logo na vosa casa hai soto?

- Si, o que ten que non se usa nunca, porque non hai luz, e a única entrada é por unha lousa debaixo do banco da porta. Só haberá alí catro aparellos vellos de papá.

Cando menos, durante uns días ninguén saberá de ti, e esto, digo eu, terá que acabar dunha vez.

Xa fan ala oito días desde que Antonio estaba enterrado en vida no soto. De maná cedo e ó pecha-la noite, mentres a nai miraba a un e outro lado, por se acaso se achegaba alguén, Loliña retiraba a lousa, miraba por un instante a cara de Antonio, acariñábanse as mans e deixáballe unha fiambreira con comida e unha garrafa de auga. Durante todo este tempo seguiu traballando no enxoval, pero agora cosendo a man, sentada mañá e tarde no banco da porta. Deu en dicir ás vecinas que o médico lle recomendara tomar moito aire por unha cousa da pel. Dúas patadiñas na lousa indicaban a Antonio que podía falar, e varios toques seguidos aconsellaban rompe-lo diálogo. E falaron de todo, e Antonio soubo que xa foran dúas veces máis á súa casa e que seus pais so dixeran que marchara de viaxe, pero que non sabían a onde, e faláron de amoros e de teimas e de medos; e nunca tanto faláron, porque tiñan os días en por eles, prisioneiros da angustia e da agridoce obriga de estar xuntos.

Uns toquiños rápidos no chan fixeron que Antonio calara, pero nada lle impediu escoitar.

- ¡Ola, Loliña! Mira que traballas, ¿e como che da agora por pasa-lo día sentada na porta?

- E a ti que che importa, Marcelino. ¿Ou é que che teño que dar contas de algo?

- Non, muller, pero é que desde que desapareceu do Son o teu mozo, ¿porque ti e máis Antonio sodes mozos, non?...

- Pois si, pero eso non ten que ver contigo.

- Porque ti non queres. ¿E logo el onde é que se meteu? Mira que deixar soa unha rapaciña coma ti. Eu nunca faría tal cousa.

- Xa, pero é que tamén se da a casualidade de que eu nunca sería moza túa. E el, se marchou, algunha razón tería. ¿A ti que che importa?, ¿non tes mellor cousa que facer que te vires sentar aquí? Onte aquí, hoxe aquí ¿tamén pensas vir mañá?, ¿por que non vas toma-lo fresco por aí e me deixas en paz?

- Se non andar polo medio Antonio, seguro que me mirabas doutro xeito e ó mellor, aínda me invitabas a sentar. ¿Así que queres que te crea que non tes idea de a onde foi? Pois ¿sabes o que penso?, que do Son non marchou e, aínda máis, que non debe de andar moi lonxe. E supoño que algo faría para ter tanto medo e desaparecer.

- Moi ben, pensa o queiras, que, xa que ti non tes presa por liscar, metereime eu dentro. Vai rasca-los pes ou que che leve o demo, Marcelino, que a min tanto che me ten.

Aquela noite, Loliña non era quen de colle-lo sono. Veña volta contra un lado, veña reviravolta, e sen outro pensamento que o do seu mozo metido no soto e tom-bado, entre aparellos, nun xergón de palla. A ollada angustiada de Antonio, cando lle levou algo de cea, volvíalle unha e outra vez e, se ó primeiro lle producía desacougo, segundo pasaban as horas xa a estaba comezando a obsesionar. A madrugada venceuna nun durmo non durmo cheo de sobresaltos e, nun dos infinitos recordares, arrepiouna o ouveo dun can e non soubo se lle pareceu sentir algo así como un golpe e xente a falar en baixo ou se todo formaba parte do confuso soño que viña de ter. E a noite seguía.

O tempo estaba declarado de verán e o sol, colándose polas regañas das contras, botouna fóra do leito. Xa onde ía que seu pai saíra para o mar e súa nai quedara onte coa señora Rosa de ir en Noia a mercar unha saca de fariña. Vestiuse, lavouse á presa, alisou un pouco o cabelo diante do espello, meteulle unhas pinzas para recollelo, quentou unha cunca de caldo e, despois de mirar polo postigo que non houbera ninguén por fóra, foise cara ó banco a levarlla de almorzo a Antonio. Despois daquela longa noite de pesadelos, esta mañá tardáballe máis ca nunca volver a velo, pero, cando chegou á altura do banco de pedra, un frío de morte encolleulle o peito todo. Alá foi a cunca, escachando o barro nun milleiro de anacos e salpicando o chan de caldo e de verzas. Da súa gorxa non saíu nin un berro nin tan sequera un salouco, e os seus ollos quedaron fixos, incapaces de se desviar da lousa de acceso ó soto, remexida e tirada contra un lado.

As sempre rosadiñas meixelas viraron de súpeto brancas, sen sangue, e unha bágoa empezou a esvarar por elas, e así, en fondo silencio, cos brazos caídos ó longo do corpo, os pés de chumbo espeso e a mente paralizada, tornou a andar, paseniñamente, para dentro da casa.

VI Certame Literario

CONCELLO DE PARADELA



Manuel-Orestes
Rodríguez-López

acesit



PEDRO URIS ESCOLANO (Valencia, 1952)

Realiza diversos cortos en formatos menores dentro do cine independente valenciano dos anos setenta. Na actualidade escribe como crítico en diversas revistas especializadas, fundamentalmente en Cartelera Turia (Valencia) e na revista Academia (Madrid).

É autor, xunto o seu colega Antonio Lloréns, da curtometraxe *El misterio de los cines desaparecidos* (1984), e en solitario realizou *Cuenta atrás* (1990), unha longometraxe en vídeo protagonizada pola actriz argentina Gabriela Flores, e *Satán Café* (1994), unha película en 35 mm. cos actores Patxi Bisquert e Mario Pardo, que estivo incluída na Sección Oficial da Mostra de Valencia.

Escribiu varios relatos cortos que obtiveron diversos premios en distintos certámenes nacionais. Participa con algúns destes relatos nas publicacións colectivas *Algo de cada uno* (Ediciones Edisena) e *100 relatos geniales* (Editorial Jamais). É autor de catro ensaios cinematográficos, *Cine y movimiento obrero* (Ediciones L'Eixam Feiss), *Alucinema*, *la droga en el cine* (Ediciones Royal Books), *360° en torno al cine político* (Festival Ibérico de Badajoz - Diputación de Badajoz), e *Miles de metros: A propósito de Pablo Núñez* (en colaboración con Antonio Lloréns, editado polo Festival de Cine de Huesca na súa colección "Cine y más" num. 8); e dunha novela, *Cita con la eternidad* que obtivo unha Mención Especial no II Certamen Literario Emilio Murcia, 1998 e quedou finalista no Premio Azorín de Novela 2000.

narrativa

Los que no existen

La débil llovizna que cubría el cielo me impedía saber a ciencia cierta los minutos de luz que le quedaban al día pero, en cualquier caso, mi tiempo se estaba agotando y debía aprovechar esos momentos para encontrar la salida antes de que la oscuridad me dejara atrapado en aquel lugar. Tal vez hubiera entendido mal las indicaciones del celador, mi inglés no era muy bueno, o tal vez hubiera errado en algún momento del trayecto y me había alejado progresivamente de mi punto de destino. Incluso era posible que hubiera pasado por delante de la tumba que estaba buscando sin darme cuenta. Fuera cual fuera el motivo, lo cierto es que ya no llegaría a verla nunca porque a la mañana siguiente regresaría a mi ciudad, una ausencia de contacto físico que, en realidad, carecía de importancia porque las palabras que me habían sido reclamadas las estaba escribiendo con mis pasos sobre la gravilla húmeda de los senderos de aquel cementerio, aunque no estaba seguro que fueran las mismas que ella había imaginado.

La primera vez que tuve un mensaje entre mis manos, ahora hace algo más de un mes, pensé que se trataba de una broma cuyo sentido no alcanzaba a comprender y sólo el interés que había demostrado mi hermana en hacerme llegar aquel telegrama me impidió deshacerme inmediatamente de él. Había sido remitido a casa de mis padres, un domicilio que yo había abandonado hacía muchos años y al que ahora acudía en raras ocasiones pues ellos habían muerto y allí sólo quedaba mi hermana, una mujer que había permanecido soltera y con la que nunca me habían unido muchas cosas aparte de esos afectos familiares a los que tan difícil resulta sustraerse.

— ¿Qué significa ese telegrama Pedro?.

Las preguntas que mi hermana me había hecho a lo largo de nuestros cuarenta años de vida, ella algunos, pocos, más que yo, nunca habían supuesto la menor dificultad para mí, era un espíritu simple que se creía todo lo que le decían de modo que si no estabas seguro de la respuesta podías inventar algo con la certeza de que lo daría por bueno. Pero esta vez no disponía de ninguna historia para contarle porque el contenido de aquel telegrama, una fecha que retrocedía más de veinte años en el tiempo, el 23 de septiembre de 1978, ocho palabras, «hoy debes concluir el poema que comenzaste entonces», una dirección en Londres y un nombre de mujer, Isabel, que era incapaz de asociar a ninguna de mis conocidas presentes o pasadas, había detenido por completo mi capacidad de tabulación, algo difícil de aceptar para alguien que como yo se ganaba la vida con las palabras que escribía.

Para no defraudar el celo demostrado por mi hermana, que me había dejado varios recados en la redacción del periódico, guardé el telegrama en uno de los bolsillos de mi chaqueta dispuesto a tirarlo en la primera papelería que encontra-

ra en la calle. Sin embargo no debí hacerlo porque días más tarde, durante un encuentro social al que había acudido por imperativos profesionales, lo sentí de nuevo en mis manos al buscar el fuego interesado que me pedía la jefa de cultura de una publicación rival, probablemente atraída por esa jeta de intelectual al margen de la fauna de los triunfadores que siempre supe mantener. Una buena ocasión para distraerla de su actual compañero, un asesor de Diputación que me había bloqueado un par de subvenciones, y asignarle un polvo traidor que colmaría tanto el deseo de legítima venganza como podía dejarme abierta alguna puerta en su periódico, todo ello sin contar con lo que pudiera sacar de aquel cuerpo maduro que se insinuaba un tanto desbaratado debajo de un vestido que andaba pidiendo guerra. Tal vez por un reflejo de lealtad hacia mi actual compañera, ya había estropeado más de una relación por veleidades semejantes, o tal vez, y ésta era la razón más probable, por mantener serias dudas acerca de mi capacidad amorosa en las condiciones alcohólicas en que me encontraba, elegí los enigmas que me proponía aquel telegrama a las certezas que pregonaba la mirada de aquella mujer y me procuré una cortés retirada hasta uno de los fondos del recinto dispuesto a resolver el acertijo que encerraban aquellas palabras.

